

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: ESQUEMA, IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL

UNIDADE: **Coordinación viso-motriz**

TEMPORALIZACIÓN: **1-5º semana novembro**

MATERIAL E INSTALACIÓNS: Pelotas, bancos suecos, ximnasio, patio de recreo.

ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Individual, parellas, equipos.

CICLO: **Segundo**

NIVEL: 3º-4º

OBXECTIVOS:

1. Controlar obxectos con precisión en situacións dinámicas e estáticas.
2. Controlar e axusta-la respiración en situacións que impliquen movemento.
3. Actitude de respecto e colaboración cara o traballo dos demais.

TÉCNICAS ENSINO: Descubrimento guiado.

Busca. Reproducción de modelos.

ANIMACIÓN:

- Quecemento xeral motivador: andar de diversas maneiras; ¿quen toca antes ...?
- **2x3**: Correr dúas veces tres minutos con pausas de 1 minuto. Córrese arredor do pabillón.

PARTE PRINCIPAL:

- "**O VERME QUE MORDE A COLA**". En dúas filas collidos pola cintura o primeiro de cada fila ten que coller ó último da mesma. O conseguilo pasa ó final da fila e continua o xogo.
- **RELEVOS** con aros. TRES equipos en fila, cada membro cun balón, en fronte da fila hai tantos aros como balóns. Trátase de levar os balóns ós aros na primeira volta e na segunda hai que ir a buscalos, sempre de un en un.
- **CONTROL REMOTO**: Por parellas, un en cada extremo do campo. Un membro da parella cos ollos tapados ten que chegar ata o seu compañeiro, que está no outro extremo dentro dun aro, escoitando a súa chamada. Todos chaman o mesmo tempo.
- **Carreira dos seis días**: É coma o reloxo, un equipo corre arredor do corro e este pásase o balón dando voltas. Cada volta cóntase en alto. Gaña o equipo que contou máis voltas.

“VOLTA Á CALMA “:

- **Dentro-fora.**

OBSERVACIÓNS: